

O Gaiteiro de Lugo

Calendario Gallego

Pro Ano de 1942

Relixioso, profético, astronómico, recreativo,
patriótico, popular e barato

Ano 85 da fundación.

Propiedá rexistrada

Propietario, XERARDO CASTRO

Entra dereito, ano que chegas,
ven con Dios, ano qu' agora naces,
tráinlos o trunfo da pas nas loitas,
non trayas mortes, non trayas fames.



Si é que non podes, si ves co deño,
si soyó queres guerras e fames,
fuxe ben cedo, escorre axña,
que Dios te leve onde non dañes.

Venta diste Calendario en Santiago, Casas Reales 26,
Manuel Neira Torrado.—Na Coruña, Soto, Otero e Fernández,
San Andrés 24.—En Vigo, Mariano García, calle
García Barbón, 17.—En Ourense, Manuel García e fillos,
Lamas Carbalal, 7.

Pedidos a o Editor XERARDO CASTRO, S. Pedro, 29-LI GO

Faires e mercados da provincia de Lugo

Concello de Abadín. — Primeiro e terceiro sábado Gontán.

Aízoz. — 13 Carballido; 25 de Abril e 25 de Xullo La-goa; o primeiro miércoles Mor.

Antas de Ulla. — O 10 e mercados todos os lunes.

Baleira. — Quincenalmente alternando ca de Castro-verde.

Barreiros. — Primeiro domingo e 1.^º de Marzo e mer-cados os viernes e Souto; terceiro domingo San Xulián

Recorred. — O 13 e 19.

Begonte. — 1.^º e 15 Pacios e si o 15 é domingo o 14.

Tarbaledo. — 17 e 29 Castro; 4 Buclños.

Castro de Rey. — Cada quince días en domingo alter-nando ca de Meira; 8 e último sábado Riberas de Lea.

Courel. — O segundo e cuarto domingo Seoane; 1.^º e 19 Folgoso; primeiro domingo Ferramulín.

Cervantes. — Cuarto domingo Donís; 28 Quindós; 18 San Pedro; primeiro domingo Seixas.

Cervo. — O primeiro domingo e o 16

Corgo. — 13 Aday, 23 Gomeán.

Cispeito. — Terceiro domingo, chamada a do Monte e o primeiro miércoles de cada mes con mercado os miér-coles; primeiro xueves Muimenta.

Chantada. — O 5 e 21 e mercados os martes, xueves e domingos; 2 Laxe.

Castroverde. — Cada 15 días; 12 Miranda.

Fonsagrada. — 20 de Xaneiro, 25 de Marzo, 25 de Abril, Ascención, Corpus, 24 de Xunio, 2 de Xullo, 15 de Ago-sto, 8, 9, 10 e 21 de Septiembre e 8 de Noviembre e mer-ca los os sábados.

Foz. — Mercados os mardes; 10 e 24 Espiñeira.

Friol. — O 4 e 21; 6 e 16 Roimil; 18 Cotá; 26 Guimarey.

Germade. — 4 e 19 Momán; 13 Roupar.

Guntín. — 5 Lousada; 11 Lousadela; 23 Grolos; 15 San Román.

Inciño. — O 22.

Xove. — Rigueira e Xove, o cuarto domingo.

O Gaiteiro de Lugo

Calendario Gallego

pro Ano de 1942

según as ouservaciós feitas no Ouservatorio da ciudá de San Froilán, con arregro o meridiano de Santiago.

ÚNICO QUE SE PUBRICA EN GALICIA

Cómputo eclesiástico.—Aureo núm. 5.—Epacta XIII.—Ciclo solar, 19.—Indición román, X.—Letra dominical, D.—Letra do martiroloxio, n.

Velacións — Péchanse o 17 de febreiro e o 28 do mes das ánimas.

Abrense o 6 de abril e o 26 de Nádai.

Ecrises De sol.—16-17 de Marzal, parcial invisibile pra nós, veráse no Pacífico do S.; 1⁴ de Agosto, parcial, que tampouco veremos; 10 de setembre, parcial, visibile, co-istas fases: Principio, 13 h. 57 m., Medio, 15, 39. Fin, 7, 21.—De lúa.—2 a 3 de Marzal, total, visibile, do 2 as 22'31, ao 3 as 3'2 os contactos ca sombra. 26 de Agosto, total, visibile das 2 as 5'35 os contactos da sombra.


Festas.—Circuncisión, 1.^º de xaneiro. Reises, 6.—Septuaxésima, 1.^º de febreiro.—Domingo de Antroido, 15 de febreiro. —1^º de Coresma, 22 de febreiro. Domingo de Ramos, 29 de Marzal. Pascua, 5 de abril. As Pascuillas, 12.—A. censión do Señor, 14 de maio.—Pentecostés, 24.—Trinidad, 31. Santísimo Corpus Cristi, 4 de xunio.—Ofrenda do Reino de Galicia a o Sacramento, 7 de xunio.—Sagrado Corazón, 12.—Festa de Cristo Rey, 25 do Outono.—1.^a Dominica de Advento, 29 de Dífuntos.

Témporas.—Primeiras, 25, 7 e 28 de Febreiro; se-

gundas, 27, 29 e 30 de Mayo; teceiras, 16, 18 e 19 de setembre; derradeiras, 16, 18 e 19 de Nadal.

Rogaciōns. - Maiores, 25 de abril; menores, 11, 12 e 13 de maio.

CON FRANCO: ¡ARRIBA ESPAÑA!



Esconxuro do ano 1942

Entra dereito, ano que chegas,
ven con Dios, ano que agora naces,
non trayas loitos, non trayas choros,
non trayas mortes, non trayas fames,
tráinos fartura pras nosas tullas,
tráinos lentura para os fogares,
torna vizosas ás nosas leiras,
inza de peixes o van dos mares,
encalma os ventos, amaina as chuvias,
o quentor rixe, tempéra os aires,
desterra o dano das ventanías,
alonxa o andacio da enfermedade,
fai circia a i-alma dos que gobernen,
fai cumplidores ós que traballen,
fai homildosos ós que non teñen,
nos que se farten pon caridade
e, si é que podes, ano cativo,
quen roube, estrale.

Si é que non podes, si ves co deño,
si soyo queres guerras e fames,
fuxe ben cedo, escorre áxiña,
que Dios te leve onde non dañes,
e que te aforquen dunha figueira,
que se abra a terra pra te tragare,
que nas hestorias non teñas canto,

que ningún nado poida lembrarte,
que pras negruras do fondo inferno
dos anos tolos queiran botarte.

Nesta noitiña que naces, Neno,
todos che piden que o ano que nace
da tua man veña, contigo o leves
i-a nós, nos salves.

O GAITERO

Notas vellas

Denantes facíanse os contratos cas criadas dian-
te notario e con fianza personal, como as contratas
das obras. Xeralmente eran por catro anos e co
soldo de cinco reás ó mes.

Nun destes contratos, feito en Santiago no 1536,
un matrimonio toma unha criada ca obriga de se
casar co señor si entramentras morre a señora.

O primeiro libro que se imprentou en Galicia foi
o Misal de Monterrey, no 1494.

O primeiro periódico galego foi o «Catón Com-
postelano» que saeu no mes de Mayo do 1800.

En Compostela no século XVIII alquilar un caba-
lo custaba a dous reás a legoa, unha litera 55 ó día
e un «calesín» de dous asentos, 90.

A Catedral de Santiago ten mais de mil capiteles.
Algunz teñen figuras con ollos de acibeche.

No século XV saian de Pontevedra mais de
80.000 ducados de sardiña ao ano.

Señarda

Gaitiña, gaita riseira
que vas vertendo no ar
a risa da muiñeira
non te quixerá escoitar.

Tua risa cascabeleira,
gaitiña, gaita riseira,
dame ganas de chorar.

Coma o teu repinicar
aquela azul avesiña
foise perdendo no ar...

Fórонche festas, gaitiña,
que non terán de voltar.

JOSÉ CRECENTE VEGA.

Troula

Na feira de certo pobo,
cuio nome non me lembro,
iba unha vella berrando:
«Sortixas a real e medio». O escoitala unhos rapaces
hacia ela foron correndo,
i-as perguntas que curiosos
os cativos lle fixeron,
contesta: «Son as sortixas
pra alcontrar, sin perder tempo,
muller discreta e virtuosa,
guapa, rica e de talento». «Basta—dixo un dos rapaces—
o seu marido ó que vexo
xamais tivo o disgraciado
noticia d-iste secreto».

A. M.

Ditos dos velllos

Sementar en leira allea,
pagar sendo convidado,
comprar a rico e na aldea,
vender a probe e fiado...
non e pra ter casa chea.

Muller que adoura a veciña,
rapaza que durme fora,
pedra limpa da cociña
e meniño que non chora...
non che me dan boa espiña...

Palique de taberneira
e bágoas de bebedor,
amores de costureira
e xastre traballador
sonche contiños de feira.

Apostar o que se tén
firmar o que non escribo,
donar sin saber a quén
e dar cartos sin récibo...
penso que non me convén.

Estremeiro pleiteador,
néboas agoentas de río
boi ou vaca escorneador,
e xente de señorío...
canto mais lonxe, mellor.

R. CABANILLAS.

XANEIRO 31 DIAS

ADICADO AO NENO XESÚS

- 1 Juev. † A Circuncisión do Señor. — ss. Fulxencio, Xustina, Martiña i-Eufrosiana.—I. P.
- 2 Vier. ss. Macari, Isidoro, Narciso e o Beato Pedro abade (G).

Cheia en Cáncer as 3 e 42 minutos da tarde

○ O ano seica quer entrar con xiadas e aquécelle o calorío dunha raxeira de sol pol-a mediodía, mais veñen uns ventos de abaixo que o non deixan acougar moito.

- 3 Sáb. ss Genoveva e Daniel.
- 4 Dom. O Santísimo Nome de Xesús.—ss. Aquilino, Tito e Benedicta.
- 5 Lun. ss. Anastasio e Teodoro bispos (G), Telesforo, Eduardo, Apolinario i-Emiliana.
- 6 Mar. † Epifanía. A Adoración dos Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar e S. Meliano.—I. P.
- 7 Miér. ss. Xulián patrón do Ferrol e Fiz.
- 8 Juev. ss. Maximino, Luciano e Gúdula.
- 9 Vier. ss. Marcelino, Xulián, Vidal e Marciana.

Mingoante en Libra as 6 e 5 m. da mañán

○ Xa temos eiqui os ventos mareiros, as mudanzas de cote e mais friaxe ainda que o ano derradeiro.

- 10 Sáb. ss. Gonzalo de Amarante, Agatón e Xohan.
- 11 Dom ss. Teodosio, Hixinio, Salvio e Anastasio.
- 12 Lun. ss. Arcadio, Victoriano, Benito e Modesto.
- 13 Mar. ss. Leoncio, Gumersindo e Verónica
- 14 Mier. ss. Hilario i-o beato Bernardo de Corieón
- 15 Juev ss Pablo, Mauro e Benito.
- 16 Vier. ss. Fulxencio, Marcelo, Ticiano e Honorato.

Nova en Capricornio as nove e media da noite

○ Lúa nova do aníño, un pouco tardeira. Seica non ven moi segura. Inda ben si non trai no peto mais que chuvias.

- 17 Sab. ss. Antonio abade, Rosalina e Leonila.
- 18 Dom. A Catedra de S. Pedro en Roma, e Santa Margarida.

19 Lun. ss. Sara, Marta, Canuto e Mario
20 Mar. ss. Fabián, Sebastián e Felisa.

Sol en Acuario as 4 e 16 da tarde

- 21 Miér. ss. Iués, Froitoso e Plubio.
22 Juev. ss. Vicente, Anastasio, Luftolde e Gaudencio.
23 Vier. ss. Adelonso e Raimundo.
24 Sáb. N.^a S.^a da Paz e ss. Timóeo e Feliciano.

Crescente en Touro as seis e media da mañán
 Volven as xiadas de denantes, mais a terra non quer secar. Nos outos hay un vento fresqueiro que rilla. Poucas neves.

- 25 Dom. ss. Ansurio, Bimarasio, Gonzalo Osorio, Froalengo, Serdendo, Viliulfo, Pelayo Alfonso e Pedro bispos (G), A Conversión de S. Pablo e Sta. Elvira.
26 Lun. Stos Froila (G). Policarpo, Teógenes e Paula.
27 Mar. ss. Olalla, Anxela, e Xohan Crisóstomo.
28 Miér. ss. Xulián, Cirilo, Tirso e Inés.
29 Juev. ss. Francisco de Sales, Valero e Ruzafa.
30 Vier. ss. Hipólito e Fiz.
31 Sáb. ss. Pedro Nolasco, Xulio e Marcela.

NOTA.—I. P., Indulgencia Plenaria; I. B., Indulgencia Parcial;
(G) Santos Galegos.



Da vella roseira

Non m' atruxes na fontenla
cando pases por alí
que anque canto, galanciño,
non che canto para tí.

Para a deserta chanizada
un árbore no camiño;
un corazón manseliño
na soedade da estrada.

V. Taibo

FEBREIRO 28 DIAS

ADICADO A CANDELARIA

1 Dom. de Septuaxésima.—ss. Ignacio, Severo, Pablo e Brixioa — Anima. — I. P.

 *Cheia an Leo as nove e coar lo da mañan*
O mes toleitón entra con lúa cheia e quer vir con sol.
Ainda así non ha de faltar unha reguifía pros hortos.

2 Lun. A Candelaria e Sta. Feliciana

3 Mar. ss. Blas, Fiz e o Beato-Nicolás.

4 Miér. ss. Andrés, Leonisa e Gúberto

5 Juev. ss. Francisco Blanco, mártir (G), Agueda, Calamanda e Albino.

6 Vier. ss. Teófilo, Saturnino e Dorotea.

7 Sáb. ss. Romualdo, Ricardo e Xuliana.

8 Dom. de Sexaxésima.—ss. Xohan de Mata, Ciriaco, Paulo e Dionisia.—I. P.

 *Mingántane en Escorpio perto das tres da tarde*
Axiña toleou o tempo. Vaites, vaites que o diantre de Febreiro pouco lle remanesceu o señorío. Imos ter un Androido de ventanías. Ollo co mar.

9 Lun. ss. Donato e Apolonia.

10 Mai. ss. Escolástica, Sotera e Xacinto

11 Miér. ss. Saturnino, Lázaro e Desiderio.

12 juev. ss. Euxenio, Damián e Olalla.

13 Vier. ss. Estebo abade (G), Benigno, Marcelo, Lucina e Catalina

14 Sáb. ss. Valentín e o beato Xohan Bautista.

15 Dom. de Quincuaxésima (Androido) ss. Severo, Caeto, Lucio e Decoroso — I. P.

 *Nova en Acuario as dez da mañán*

Parécelme que a lúa anda a ben ca Iglesia, que imos ténboa te dolos domingos i-hoxe ven pra a misa de dez, inda que como chega en Acuario anda ben mollada e con aqueles de revirar os paraguas e de facer cóxegas nos outos.

16 Lun. ss. Elías, Isaías, Xeremías, Xulián e Faustino

- 17 Mar. de Antroído — ss. Xullán de Cadocia e Alexo.— Péchanse as velacionés.
 18 Miér. de Ceniza.— ss Teotonio (G), Simeón, Claudio + Eladio.— Ayuno sin obstinencia —I. P.
 19 Juev. ss. Gabino, Alvaro e Conrado —I. P.
 Sol en Piscis as seis e media da mañán
 20 Vier. ss. León, Eleuterio e Nemesio.— Aúno con abstinenzia.—I. P.
 21 Sáb. ss. Máximo, Fiz e Ovidio —I. P.
 22 Dom. I de Coresma.— A Cátedra de S. Pedro en Antioquia e ss Pascasio e Tecla. I. P.
 23 Lun. ss. Ordoño bispo (G), Marta, Margarida e Florencio.—I. P.

Crescente en Géminis as 3 e 40 da tarde

Co Antroido a lúa fixose mal criada. Xa non quer vir en día santo. Que se ande con olló que axiña lle vai chegar o ecrise. Non quer preparar o tempo axeitado das hortas. Pedirémoslle a Deus que o mellore, pois a neve sempre compón o tempo.

- 24 Mar. ss. Matías, Modesto, Sergio e Primitiva — *Anima*.—I P.
 25 Miér. ss. Valerio monje (G), beato Sebastián de Aparicio (G), Cesáreo, Valero e Donato.— *Tem-
pora* — *Ayuno sin abstinencia*.—I P.
 26 Juev. ss. Alejandro, Fortunato e Vi-
tor.—I P.
 27 Vier. ss. Baldomero e Leandro.— *Tempora*. — *Ayuno
con abstinencia*.—I P.
 28 Sáb. ss. Basilio e Procopio.— *Tempora*. — *Ayuno sin
abstinencia*.—I P.

Adiviñas

Cen e cen
e cen fillos ten,
todos con leite os mantén

(A. figueira)

Un burro branco
beilando nun campo
ca peza nun pé
e burro non é.

(O muñol)

**Longa, longa como a soga
e con dentes como a loba.**

(A silva)

MARZAL 31 DIAS

ADICADO A SAN XOSÉ

- 1 Dom. II de Coresma.—S. Rosendo bispo, S. Manilán abade (G) e O Sto. Anxel da Guarda.—I. P.
- 2 Lun. ss. Simplicio, Pablo e Lucio.—I. P.
- 3 Mar. ss. Emeterio, Celedonio e Ticiano.—I. P.

Cheia en Virgo as doce e coarto da noite

¶ Moi revoltó témoi-o tempo co galo do ecise. Tanto quixo poñerse amorosíño como se revirou de xenio cunhas treboadas adentro i-afora que non deixaban acougar. E como ainda non pasado o ecrise da lúa ánda-se porparando o do sol, anque non vexamos, xa veremos.

- 4 Miér. ss. Casimiro, Cayo e Lucio —*Aúno sin abstinencia*.—Anima.—I. P.
- 5 Juev. ss. Eusebio, Adrián, Teófilo e Nosa Sra. de África.—I. P.
- 6 Vier. ss. Victoriano, Víctor e Cirilo.—*Aúno e abstinencia*.—I. P.
- 7 Sáb. ss. Tomás de Aquino e Felicitas.—*Anima* —*Aúno sin abst.*—I. P.
Festividade dos estudiantes.
- 8 Dom. III de Coresma.—ss. Xohan de Dios e Fiz.—*Anima*.—I. P.
- 9 Lun. ss. Francisca e Catalina,—I. P.

Mingoante en Sogitario as dez da noite

¶ I-o que vemos é que i-auga vainos chegar o rodopio. Si unha volta non trai ventos do N. e do NE. istas van ser as enchentes de San Simón que non tivemos no ano derradeiro.

- 10 Mar. ss. Crescencio, Alejandro e Melitón.— I. P.
- 11 Miér. ss. Euloxio, Constantino e Fermín.—*Aúno sin obstinencia*. I. P.
- 12 Juev. ss. Gregorio e Ntra. Sra. da Misericordia.—I. P.
- 13 Vier. ss. Leandro, Cristina i-Eufrasia.—*Aúno e abstinencia*.—I. P.
- 14 Sáb. ss. Florentina e Matilde.—*Aúno*.—I. P.

- 15 Dom. IV de Coresma.—ss. Anxel Tutelar de G., Longines, Raimundo e Melitón.—*Anima.*—I. P.
16 Lun. ss. Xulián, Ciriaco e Agapito.—I. P.

● *Nova en Piscis perto da medianoite*
En Piscis e de noite pecha, entrará mollada si Dios non jo remedia. Alguns craros. Ventania.

- 17 Mar. ss. Xosé de Arimatea e Patricio —I. P.
18 Miér. ss. Cirilo, Gabriel, Salvador e Braulio.—*Año sin abstinencia.*—I. P.

- 19 Juev. † San Xosé esposo da Sma. Virxe.—I. P.
20 Vier. ss. Martiño de Dumio bispo (G), Eufemia e Ambrosio.—*Año e abs.*—I. P.

- 21 Sáb. ss. Benito e Filemón —*Año.*—I. P.
Sol en Aries as seis e coarto da mañán
PRIMAVEIRA

- 22 Dom. de Pasión ou de Lázaro.—ss. Deogracias, Plubio e Basilio.—I. P.
23 Lun. ss. Victoriano, Fidel e Toribio —I. P.
24 Mar. ss. Simeón e Agapito.—I. P.
25 Miér. A Anunciación da N. Sra. i-Encarnación do Señor, ss. Dimas e Quirino. —*Año* —I. P.

● *Crescente en Cáncer as doce da noite*
Anque a primaveira non veña no tempo coma nos libros, as chuvias mainas fanlle ben á terra i-a raxeirada do sol quece aos corpos. Si un vento mareiro non revolve será un comenzo que traia algunha melloría.

- 26 Juev. Bto. Diego Xosé de Cádiz (G), ss. Braulio e Teodosio.—I. P.
27 Vier. de Doores.—ss. Ruperto, Lidia e Alejandro.—*Anima.*—*Año e abstinencia* —I. P.
28 Sáb. ss. Castor, Doroteo e Sixto.—*Anima.*—*Año sin abstinencia.*—I. P.
29 Dom. de Ramos.—ss. Pastor, Xonás i-Eustasio —I. P.
30 Lun. ss. Xohan Clímaco, Víctor e Régulo.—I. P.
31 Mar. ss. Amadeo e Amós.—I. P.

Refrans de Marzal Si ques ter bon cabazo sementa en Marzo.
Poda en Marzo, vendima no regazo.
No Marzo, abriga, noces e pan trigo.

ABRIL 30 DIAS

ADICADO AOS DOORES DA VIRXE

1 Miér. ss. Venancio, Macario e Teodora.—*Festa nacio-*
nal.—Aúno.—I. P.

● *Cheia en Libra as doce e media da mañán*
Días temporeiros, de pouca brétema, namentres non
vira o vento Ollo cas xiadas que poden estragar as leiras.

2 Juev. Santo.—ss. Francisco de Paula e Abundio.—I. P.

3 Vier. Santo.—ss. Engracia virxe mártir (G), Benito,
Ricardo, Benigno e Ulpiano.—Aúno e abs.—I. P.

4 Sáb. Santo ou de Gloria.—ss. Isidoro, Víctor e Zósimo.—Aúno sin abs.—I. P.

5 Dom. de Pascua de Resurrección.—Bto. Xohan de Viveiro (G.), ss. Vicente Ferrer, Emilia e Irene.—I. P.

6 Lun. ss. Celso, Celestino e Marcelino.—*Abrense as velacions.*—I. P.

7 Mar. ss. Epifanio, Ciriaco e Donato.—I. P.

8 Miér. ss. Perpetuo, Alberto, Máxima e Xenaro.—*Anima.*—I. P.

● *Mingoante en Capricornio as 4 e 43 da mañán*
A chuvia virá ben porque escorrenta as xiadas, mais os días son pouco axeitados.

9 Juev. ss. María Cleofé, Casilda e Prócoro. I. P.

10 Vier. ss. Urbano abade (G), Ezequiel e Daniel.—I. P.

11 Sáb. ss. León, Antipas e Isaac.—I. P.

12 Dom in Albis (as Pascuillas) —ss. Víctor mártir (G), Constantino e Zenón.—I. P.

13 Lun. ss. Hermenexildo, Xustino e Máximo.

14 Mar. ss. Pedro González Telmo ab. dos mariñeiros (G), e Tiburcio e Valeriano.

15 Miér. ss. Anastasia, Basilisa, Victorina i-Elena.

● *Nova en Aries as duas e media da tarde*

O tempo anda de troula pois o vento non quere acougar. Si chega a terse quedo virá mais auga Non faltan neves tardeiras.

- 16 Juev. ss. Toribio bispo de Astorga, Froitoso de Braga bispo e fundador (G) Engracia e Cayo.
 17 Vier. ss. Aniceto, María Ana i-Elena.
 18 Sáb. ss. Eleuterio, Andrés e Toribio.
 19 Dom. Nosa Señora a Divina Pastora e ss. Vicente, León, Hermóxenes e Crescencio. -Festa nacional.
 20 Lun. ss. Bto. Alfonso de Ourense (G), Inés de Monte Pulciano, Marcelino e Víctor.

Sol en Tauro as cinco e media da tarde

- 21 Mar. ss. Ansuelmo, Apolonio e Alexandra.
 22 Miér. Solemnidade (Patr. cinio) de S. Xosé.—ss. Serrónima virxe (G), Sotera e Angustias.
 23 Juev. ss. Xerardo, Xurxo, Adalberto e Clemente

Crescente en Leo as 6 e 10 da tarde

Andados uns días o tempo mellorará, teremos menos humedade, unha raxeira de solciño quente, ventos da terra. Que non se extreme, que o ventiño do Norte pode tamén amolinrarnos.

- 24 Vier. ss. Fidel, Gregorio, Leoncio e Honorio.
 25 Sáb. ss. Marcos, Aniano i-Estebo *Rog. maiores*. -I.P.
 26 Dom. ss. Pedro de Rates e Miguel González (G), Cleto, Marcelino e N. Sra. da Saleta
 27 Lun. ss. Anastasio, Toribio e Pedro.
 28 Mar. ss. Estebo, Prudencio, Patricio e Vidal.
 29 Miér. ss. Pedro de Verona, Roberto e Hugo.
 30 Juev. ss. Amador, Sofía, Lourenzo e Catalina.

Cheia en Libra as dez da noite

O mes remata cunha lúa cheia de noites ben claras. Algunha xiada, poucas chuvias, ruxen as brétemas. O mes non fina mal.



Cantigas

Anque paso e non che fallo
 non te deixo de querer;
 fagoo de intento, meu ben,
 por non o dar a entender.

Anque teña mais amores
 que d'areas ten o mar
 soio por tí, queridíña,
 todolos hei de deixar.

MAYO 31 DIAS

M E S D A S F R O R E S

- 1 Vier. ss. Felipe, Santiago, Sexismundo e Orencio.
- 2 Sáb. ss. Anastasio e Fiz. *Festa Nacional.*
- 3 Dom. A Invención da Santa Cruz e S. Aleixandro.
- 4 Lun. ss. Paulino, Ciriaco, Mónica e Antonina.
- 5 Mar. ss. Pio. Máximo, Eulogio e Agustiño
- 6 Miér. ss. Xohan Ante-Portam-Latinam patrón dos impresores, Benita e Nosa Sra. da Cabeza.
- 7 Juev. ss. Agusto, Agustiño, Domitila e Benedicto.

● *Mingoante en Acuario os doce e coarto da tarde*
A lúa devece en Acuario e trai augas a reo. Vaites, vaites, que mesmo se libra o ceo. Este non é tempo amoroñío de Mayo senón que veñen agora as augas mil do mes que se finou.

- 8 Vier. Nosa Señora dos Desamparados e S. Eladio.
- 9 Sáb. ss. Gregorio Naciancenzo e Lucas.
- 10 Dom ss. Antonino e o beato Xob.
- 11 Lun. ss. Domingo eremita (G), Florencio e Anas-tasio —*Rogacions.*—I. P.
- 12 Mar. ss. Domingo da Calzada i-Epifanio. —*Roga-cions.*—I. P.
- 13 Miér. Nosa Sra. dos Mártires e S. Pedro Regalado —*Rogacions.*—I. P.
- 14 Juev. + A Ascension do Señor.—ss. Bonifacio, Pascual, Xusta e Xustina —I. P.
- 15 Vier. ss. Isidro labrador, Torcuato e Simplicio.

● *Nova en Tauro perto das seis da mañán*
A nova somella vir con mellor aquel. Non convén fiarse moito porque un ventiño mareiro anda a facerlle a caran'ña, mais ela, terne que terne, ha de estar no meillor, si Dios quere.

- 16 Sáb. ss. Xohan Nepomuceno, Honorato e Ubaldo.
- 17 Dom. ss. Pascual Bailón e Bruno.
- 18 Lun. ss. Félix Cantalicio e Dióscoro.
- 19 Mar. ss. Pedro Celestino, Ciriaca e Prudencia.
- 20 Miér. ss. Bernardino de Sena e Anastasio.

- 21 Juev. ss. Victorio, María do Socorro e Secundino.
Sol en Géminis as 5 e 5 da tarde
- 22 Vier. ss. Rita de Casia, Elena e Rufino.
- 23 Sáb. ss. Desiderio, Basilio e Miguel.—*Aíno e abstinenzia*.—I. P.
- Crescente en Leo as nove e piques da mañán*
- 24 Dom. *Pascua de Pentecostés ou do Espírito Santo*.—Santos Torcuato (G), Susana e Robustiana.—I. P.
- 25 Lun. ss. Genadio bispo (G), Gregorio, Luciano e Dionisio.—I. P.
- 26 Mar. ss. Felipe Neri e Zacarías.—I. P.
- 27 Miér. ss. Xohan, Restituta, Xulio i Eutropio.—*Témporta*.—I. P.
- 28 Juev. ss Viliulfo, bispo de Tuy (G), Xusto, Eladio, Luciano, Xermán i Emilio.—*Anima*.—I. P.
- 29 Vier. ss. Teodosia e Maximino.—*Témporta*.—*Abstinenzia*.—I. P.
- 30 Sáb. ss. Donadeo, Máximo e Bonelo, monxes do Bierzo, Sta Egeria (G), Fernando Rey de España e Basilio.—*Anima* —*Témporta*.—I. P.

Cheia en Sagitario as cinco e media da mañán

Na nosa terra o vento quer xirar pra o Norte i o Nordeste. Ceo craro moitos días. Imos cara o vau, anque non falle unha reguiña.

- 31 Dom. A Santísima Trinidade e ss. Crescencio, Petronila e Pascasio.

Troula

Decialle certo «negociante» a un mestre de escola:
 —«Mire, señor escolante, eu non podo deixarlle o rapás na sua clase, estamo vostede ensinando moi mal, dille que o kilo tén mil gramos e outras cousas dese xeito»...

XUNIO 30 DIAS

M E S D E S A N X O H Á N

- 1 Lun. Beatos Pedro Vázquez e Antonio de San Boaventura mártires (G.), Nosa Sra. da Luz e Santos Iñigo e Fortunato.
- 2 Mar. ss. Marcelino Pedro e Nicolás Peregrino.
- 3 Miér. ss. Paula, Clotilde, Isaac e Ovidio.
- 4 Juev. † *Sanctissimum Corpus Christi* — ss. Francisco Caracciolo, Saturnina e Quirico.
- 5 Vier. ss. Bonifacio, Doroteo, Apolonio e Sancho.

Mingo int'e Piscis os nove e media da noite

○ O mes de San Xohan entra con auga nos mais dos lugares, que é tempo do Santo do Bautismo. Vientos maiores. Mais días cubertos que de ceo limpo.

- 6 Sáb. ss. Gonzalo de Acebeiro abade (G), Norberto, Felioe, Amañcio e Paulina.
- 7 Dom. O Trunfo de San Pablo e S. Roberto.—*Ofrenda do Reino de Galicia o Smo. Sacramento en Lugo.*
- 8 Lun. ss. Medardo, Sálustiano e Maximiano.
- 9 Mar. ss. Primo, Feliciano, Ricardo e Pelaxio.
- 10 Miér. ss. Restituto, Ciriaco e Margarida.
- 11 juev. ss. Bernabé, Fiz, Fortunato e Delaira.
- 12 Vier. O Sagrado Corazón de Xesús e ss. Xohan de Sahagún, Nazario e Onofre.
- 13 Sáb. O Purísimo Corazón de María, e ss. Antonio de Padua e Luciano.

Ni va en Géminis as nove da noite

○ Entra con quentu'a ventos maiores con algumas treboadas e chuvias soltas.

- 14 Dom. ss. Basilio Magno, Marciano e Rufino.
- 15 Lun. ss. Modesto, Crescencia, e Benilde.
- 16 Mar. ss. Benón, Francisco de Regis e Quirico.
- 17 Miér. ss. Manuel, Ismael e Pablo.
- 18 Juev. ss. Marco, Marceliano e Paula.
- 19 Vier. ss. Gervasio, Protasio, Bonifacio e Ursicino.
- 20 Sáb. ss. Silverio, Florentina e Macario.

21 Dom ss. Luis Gonzaga, Raimundo e Demetria

Crecen e en Virgo perto das nove da noite
Días sereos. Algonhas chuviás rareadas. Crarea Ventos do Nordés a remate.

22 Lun. ss. Paulino, Albano, Flavio e Nicéas

Sol en Cáncer despois da unha da noite

V R A U

23 Mar. ss. Zenón, Fiz e Agripina.

24 Miér. A Natividade de S. Xohan Bautista e ss Xohan Treson (G), e Faust.


25 Juev. ss. Orosia, Guillermo, Próspera e Lucía.

26 Vier. ss. Paio de Tuy mártir, Hermoigio bispo (G), Xohan, Pablo e Virginio

27 Sáb. Nosa Sra. do Perpétuo Socorro e S Zoilo.

28 Dom. ss. León, Argimiro, Paulo e Benigno.

Cheia en Capricornio as doce e piques da mañán
Tempo de vrau, que aquece as veigas. Imonos librando ben das augas de San Xohan. Haise que disponer pras regas do mes que ven, que son dúas e abondosas.
29 Lun. † San Pedro e San Pablo e ss. Marcelo e Siro.
30 Mar. A Conmemoración de Sant Iago Apóstol e Santa Emilia.



Refráns de San Xohan

O que aúna no San Xohan o é tolo ou non tén pan.

En San Xohan tanto queixo como pan.

O que queira comer patacas pol-o San Xohan que as bote cando bota o pan.

Deica San Pedro o viño ten medo.

XULIO 31 DIAS

M E S D E S A N T - I A G O

- 1 Miér. S. Faxildo abade de Antealtares (G), O Precioso Sangue de Noso. Sr. Xesucristo, ss. Cas-
to, Martín, Leonor e Galo.
- 2 Juev. A Visitación de Nosa. Sra. e S. Longines.
- 3 Vier. ss. Trifón, Xacinto, Heliodoro i-Eulogio.
- 4 Sáb. ss. Laureano, Flaviano e Teodoro.
- 5 Dom. ss. Miguel dos Santos, Zoa e Filomena.

Mingoante en Aries as nove da mañán

¶ Xa temos eiqui a regazadiña. O pior é onde chegue con treboadas, que de todo podemos ter. Tampeuco os ventos queren amainar. Inda así iránse salvando os leiros.

- 6 Lun ss. Dominica, Isaías, Lucía e Rómulo.
- 7 Mar. ss. Claudio, Fermín e Lourenzo de Brindis.
- 8 Miér. ss. Isabel, Agapito e Procopio.
- 9 Juev. ss. Cirilo, Alexandro, Anatolia e Zenón.
- 10 Vier. Bto. Xohan Xacobo Fernández mártir (G), e
ss. Cristobo, Amalia, Segunda e Rufina.
- 11 Sáb. ss. Dictinio bispo (G), Pío I, Abundio e Sabino.
- 12 Dom. ss. Xohan Gualberto, Félix e Marciana.
- 13 Lun. ss. Anacleto, Uxio, Xoel i-Esdras.

Nova en Cáncer as doce da moñán

¶ O tempo quer mellorar. Ventos quentes. Os labregos están mais contestes.

- 14 Mar. ss. Estebo abade (G), Boaventura, Xenaro,
Xusto e Marcelino.
- 15 Miér. ss. Enrique, Camilo e Antioco.
- 16 Juev. Nosa Señora do Carmen e S. Fausto.
- 17 Vier. ss. Alexo, Marcelina, León, Xacinto e Xene-
rosa. *Festa Nacional.*
- 18 Sáb. ss. Mariña de Augasantas Virxe e mártir (G),
Sinforsa, Emiliiano e Federico. *Festa Nacional.*
- 19 Dom. ss. Vicente de Paúl, Arsenia e Xusta.
- 20 Lun. ss. Elías, Librada, Xerome, Emilianha e Severa
- 21 Mar. ss. Práxedes, Feliciano e Xusta.

Crescente en Libra as cinco e corto da mañán

Non falta o canadiño de Santiago, sin arrasar. Que
Dios o mande con ben, que a algunhas colleitas pode
meralas.

22 Miér. ss. María Madanela, Teófilo e Cirilo.

23 Juev. ss. Apolinar, Bríxida, Bernardo e Liborio

Sol en Leo as 12 e 8 minutos da mañán

CANÍCULA

24 Vier. ss. Cristina, Francisco Solano e Víctor.

25 Sáb. † O APÓSTOLO SANT-IAGO O MAIOR PADROEIRO
DA PÁTRIA.—ss. Cristóbal e Cucufate.

26 Dom. ss. Ana nai de Nosa Señora e Tudela

27 Lun. ss. Pantaleón, Xuliana e Semproniana.

Cheia en Capricornio as sete e coarto da serán

Quentor duro. Vrau cheo ra lúa cheia. Xa fuxiron as
borrascas. Ventos do Nordés. Algunha turbada lixeira.

28 Mar. ss. Victor, Nazario, Celso e Eladio.

29 Mier. ss. Marta, Serafina, Beatriz, Fiz e Próspero.

30 Juev. ss. Abdón, Senén, Teodomiro e Carmona

31 Vier. ss. Ignacio de Loyola e Pablo.

Unha veliña branca

- Azur craro no ceo
escuro azur no mar,
ouro no morno ambiente,
dozura no serán
dun dia debullado
no rosario do vran,
e alá lonxe, alá lonxe...
no límpido cristal
unha veliña branca
cruzando a inmensidá.

Esta veliña branca...
Unha ilusión quizáis
encalmada no golfo
azur da niocedá.

G. LOPEZ ABENTE.

AGOSTO 31 DIAS

MES DE SANTA MARÍA

- 1 Sáb. ss. Pedro Advíncula, Fiz e Nemesio.—*Xubileu da Porciúncula.*
- 2 Dom. ss. Alfredo, Máximo e Nosa. Sra. dos Anxos.
- 3 Lun. A Invención de S. Estebo e S. Eufronio.

C *Mingo ante en Tauro as once e piques dà noite*
Vento mareiro. Alguns castrelos de nubes. Días temporeiros. As chuvias, cativás, non danan.

- 4 Mar. ss. Domingo de Guzmán, Perpetua i-Eutelia.
- 5 Miér. Nosa Sra. das Neves e S. Emigdio.
- 6 Juev. A Transfiguración do Señor e ss. Xusto e Pastor.
- 7 Vier. ss. Cayetano, Alberto, Donato e Sicilia.
- 8 Sáb. Bto. Roxerio de Meira (G), ss. Ciriaco, Emiliiano e Marino.
- 9 Dom. Bta. Urraca Sarmento abadesa (G), ss. Román, Marciano e Cleto.
- 10 Lun. ss. Lourenzo ab. contra os incendios e Paula.
- 11 Mar. ss. Tiburcio, Filomena e Susana.
- 12 Miér. ss. Eusebio, Hilaria e Felicísima.

C *Nova en Leo as duas e media da noite*
A lúa que chega xa non trai tan boa cara como a deradeira que entrou tan leda. Inda así estamos no vrou é ha de coñecese en algo.

- 13 Juev. ss. Casiano, Hipólita, Aurora i-Elena
- 14 Vier. ss. Nuño Alvarez coengo, (G), Eusebio, Anastasia e Demetrio.—*Vixilia da Asunción.*—*Año e abstinencia.*
- 15 Sáb. † *A Asunción, N.^a S.^a de Todo o Mundo, N.^a S.^a dos Ollos Grandes*, P. de Lugo, S. Payo, bispo (G).
- 16 Dom. ss. Roque, Xacinto e Xaqúfn pai de N.^a S.^a
- 17 Lun. Santas Godina abadesa, i-Eufemia Virxe e mártir (G.), e ss. Paulo, Xuliana, Librada e Anastasio.
- 18 Mar. ss. Leonardo, Clara i-Elena,

19 Miér. ss. Mariano, Luis e Maxín.

 *Crescente en Escorpio as once e media da mañán*
Milloría. Tempo variado. Xira de remate o vento ao Nordés.

20 Juev. ss. Bernardo, Samuel e Severo.

21 Vier. ss. Fidel, Ciriaca e Francisca de Fremiot.

22 Sáb. ss. Fabriciano e Timoteo

23 Dom. ss. Felipe, Benicio e Valeriano.

Sol en Virgo as sete da serán

24 Lun. ss. Bartolomé i-Aurea.

25 Mar. ss. Luis, Xenxo e Patricia.

26 Miér. ss. Ceferino, Segundo e Vítores.

 *Cheia en Piscis perto das catro da mañán*
Bo tempo. Ceo sereo. Quentor que coce o pan i-o viño. A chuvia que virá co mingoante mellará os calores e non dañará as colleitas.


27 Juev. ss. Victorio bispo e mártir (G), Rufo e Xosé de Calasanz.

28 Vier. ss. Agustín, Bibiano, Paio e Moisés.

29 Sáb. A Degollación de S. Xohan Bautista.

30 Dom. ss. Ero de Armenteira abade (G), Rosa de Lima, Celedonio i-Emeterio.

31 Lun. ss. Osorio Gutiérrez o Conde Santo de Lourenzana (G), Ramón Nonnato e N.ª S.ª do Bó Vixae.



|Refrans do mes de Nosa Señora

Polvo en abril, lama en agosto.

Agosto pasou, quen mallou, mallou.

En agosto, sol posto non te conozco.

«¡Lavada, aos tres días nadal!»—dixolle o millo a liñaza. «Nugallón,—dixolle ela—un mes baixo o terrón e inda se vou non vou.»

SEPTEMBRO 30 DIAS

ADICADO A SAN MIGUEL

1 Mar. ss. Xil de Casayo abade (G) e Lupo.

2 Miér. ss. Antolín, Estebo e Máxima.

Mingoante en Géminis as catro menos courte da serán

Algunhas chuvias. Solciñ de San Mignel que anque val menos que os nubradous de Agosto quérese ben.

3 Juev. ss. Columbiano, Ladislao e Serapia.

Sale a CANICULA

4 Vier. San Adrián eremita (G), Nosa S.^a da Consolación e ss. Cándida e Rosa.

5 Sáb. ss. Lourenzo, Xustinián, Rómulo e Obduilia.

6 Dom. ss. Eutelio, Uxío e Petronio.

7 Lun. ss. Vicencio abade (G), Clodoaldo, Anastasio e Nosa S.^a dos Reises.

8 Mar. A Natividade de Nosa Señora.

9 Miér. ss. María da Cabeza, Serxio e Gorgonio.

10 Juev. ss. Pedro de Mezonzo bispo, autor da Salve (G) Nicolás de Tolentino e Pulqueria.

Nova en Virgo perio das catro da tarde

Tempia revolta. Po-a mañán cariña de rosa e pol-a noite cara de can.

11 Vier Nosa Sra. das Viñas y ss. Proto e Xacinto.

12 Sáb. O Santísimo Nome de María e S. Leoncio

13 Dom. ss. Samuel bispo de Iria (G), Felipe, Eulogio e Maudillo.

14 Lun. A Exaltación da Sta. Cruz e S. Victor.—*Dia da Escola Cristiana.*

15 Mar. Os Dolores Gloriosos de Nosa Sra. e ss. Nicomedes, Valeriano e Porfirio.

16 Miér. ss. Cipriano i- Eufemia.—*Temporas.* —I. P.

17 Juev. As Chagas de S. Francisco e S. Pedro Arbués.

Crecente en Sagitario perto das cinco da tarde

Os días bós pro viño veñen misturados cos que veñen en algúz lugares a derramar as vendimas, que inda así non deben facerse antes de tempo. O vento vira ao Sur e trai turboadas lixeiras.

- 18 Vier. ss. Tomás de Villanueva e Sofía.—*Témportas*.—
A abstinença.— I. P.
- 19 Sáb. A Aparición da Virxen da Saleta.—*Témportas*.—
I. P.
- 20 Dom. ss. Eustaquio, Agapito e Cándida.
- 21 Lun. ss. Mateo, Isacio e Pánfilo.
- 22 Mar. ss. Mauricio, Lourenzo e Xonás.
- 23 Miér. ss. Lino, Fausto e Tecla.

Sol en Libra as catro e coartado serán

O U T O N O

- 24 Juev. Nosa S.^a das Mercedes e ss. Xerardo e Dalmacio.

Cheia en Piscis as duas e media da sérán
● Chegou a melloría que pedía a xente. Ogallá dure.
Temos bós días pr' as borreas.

- 25 Vier. ss. Lope, María de Cervellón e Fermín.
- 26 Sáb. ss. Amancio, Cipriano e Xustina
- 27 Dom. ss. Cosme e Damián.
- 28 Lun. Os Santos Bispos de Iria (G), e ss. Wenceslao e Máximo.
- 29 Mar. San Miguel Arcánxel.
- 30 Miér. ss. Gregorio, Xerome, Sofía, e Sta. Teresiña do Neno Xesús.



A señora vaca

Ehi ven pol-as veigas
a señora vaca,
pasenijo a paso,
camiño da casa.
● manto marelo
a coroa branca,
co xentil apouso
dunha dona ranza,

saudando pras veiras
como aquil que manda.
Abríronlle a porta
e formouse a garda:
Falando cos ollos,
que e como ela fala,
entrou no cortello
a señora vaca!

Xerardo Álvarez Limeses.

OUTONO 31 DIAS

ADICADO AO SANTO ANXEL

1 Juev. S. Gervasio (G.), O Sto. Anxel Custodio, e San Remixiu. — *Día do Caudillo.*

2 Vier. Os Anxos da Guarda, Saturio i- Eutelo.

Mingoante en Cáncer os dez e media da mañán
O vento do S xoga co do Leste Non temos seguranza na tempia Bós días de sol en algúns lugares.

3 Sáb. Bto. Vela eremita (G), ss. Dionisio, Fausto, Cándido e Xerardo.

4 Dom. ss. Francisco de Asís, Cayo e Aurea.

5 Lun. ss. Froilán bispo patrón de Lugo (G), e Plácido.

6 Mar. ss. Sabina, Primo, Feliciano e Bruno.

7 Miér. Nosa Sra. do Rosarió e ss. Serxio e Marco

8 Juev. ss. Demetrio, Paio e Nestor.

9 Vier. Nosa Sra. da Cinta e S. Dionisio.

10 Sáb. ss. Francisco de Borja, Florencio e Paulino

Nova en Libra as catro da mañán
A lúa vai entrar con mellor vento. Non sabemos si cumplirá o proróstico dos ditos. Noites de orballo.

11 Dom. ss. Nicasio, Xermán e Fermín.

12 Lun. Nosa Sra. do Pilar e do Remedio. — *Festa oficial da Raza.*

13 Mar. ss. Pedro bispo (G), Eduardo, Marcial e Venancio. A Aparición da Virxe de Fátima.

14 Miér. ss. Calixto, Evaristo e Bernardo.

15 Juev. ss. Teresa de Xesús e Bernardo.

16 Vier. ss. Florentino e Ambrosio.

Crescente en Capricornio as once da noite
A estiaxe non ten que ver cí do ano pasado. As chuvias fixeron ben onde cairon despois das colleitas.

17 Sáb. ss. Eduvigis, Mariano, Mamerto e Víctor.

18 Dom. ss. Lucas, Xullán e Trifona.

19 Lun. ss. Pedro de Alcántara e Rosina.

20 Mar. ss. Caprasio, Xohan Cancio e Irene

21 Miér. ss. Hilarión, Astorio e Arturo.

22 Juev. ss. María Salomé e Córdula.

- 23 Vier. ss. Servando, Pedro Pascual e Xermán
 24 Sáb. ss. Beata Paula de Frassinetti e Rafael Arcánxo. Fortunato e Martiño.
Sól en Esco pio a unha e vinte da noite
Cheia en Aries as catro pasadas da mañán
 ☽ Dias sereos. Sol quente Céu descuberto. Noites de moita friaxe con algunhas xizandas. Revira o vento pra o mar e asoma turboada. ¿Pepáranse as enchentes?
 25 Dom. Festividáde de Cristo Rey.—ss. Frutos, Crisanto e Daria.
 26 Lun. ss. Evaristo, Luciano, Florencia e Marciano.
 27 Mai ss. Vicente, Sabina, Cristeta e Catalina
 28 Miér. ss. Simeón e Xudas Tadeo.
 29 Juev. ss. Nárciso, Xerona i-Eusebia.—Festividáde dos Caídos.
 30 Vier. ss. Cenobia, Claudio e Amparo.
 31 Sáb. ss. Urbano e Quintín.

Fror de María

Nas corgas dos nosos montes,
 onda os regos i-onda as fontes,
 pra señal de tenro amor,
 nace unha fror.

E pequena e coitadiña
 ten a vara sinxeliña
 mais, co orballo da mañá,
 ¡que linda está!

Fror azul que eres delicia
 das montañas de Galicia,
 tí o vestido lindo pos
 da Nai de Dios.

Miosotis montesia
 que lle queres a María,
 a azucena que pro ceu
 limpa naceu,

miosotis nesas falas
 que lle dices cando calas,
 dalle conta, linda fror,
 do meu amor.

Manuel Lago González
 Arzobispo de Santiago († 1925).

NOVEMBRO 30 DIAS

MES DE SANTOS

1 Dom. † A Festa de Todolos Santos.—ss. Benigno, Cesáreo y María.

Mingoante en Leo as seis e coarto da mañán

○ San Simón ven tardeiro pero chega i-abonda. Ceo cuberto en moitos lugares. Chuvia. Friaxe.

2 Lun. A Commemoración dos difuntos e S. Xusto.

3 Mar. ss. Valentín, Hilario, Malaquías e Teófilo.

4 Miér. ss. Carlos Borrromeo e Domingo.

5 Juev. ss. Zacarías, Eusebio, Fiz e Isabel.

6 Vier. ss. Leonardo, Severo e Vinoco.

7 Sáb. ss. Herculano, Amaranto, Ernesto e Florencio

8 Dom. S. Alvito bispo (G), O Patrocinio de Nosa Sra. e ss. Severiano, Severo, Victorino e Godofredo.

Nova en Escorpio as tres e vinte da tarde

○ Xa dí o inverno: «alá vou eu». Teremos un San Martiño ben borralento, anque a lúa quer mais os ventos de melloria.

9 Lun. Nosa Sra. da Almudéna.

10 Mar. ss. Aniano, Demetrio e Andrés.

11 Miér. ss. Martiño, Bartolomé e Toribio.

12 Juev. ss. Millán, Diego de Alcalá e Paterno.

13 Vier. ss. Estanislao, Uxío III, Homobono e Rufo.

14 Sáb. Sta. Trahamunda de Poio abogosa dos emigrantes (G) e ss. Serapio, Lourenzo e Veneranda.

15]Dom. ss. Uxío I, Leopoldo e Leoncio.

Crescente en Acuario as sete da mañán

○ Poucas xiadas. Primeiras nevadas nos outos. Lonxe, galernas do mar.

16 Lun. ss. Rufino, Marcos, Valero i-Edmundo.

17 Mar. ss. Acisclo e Victoria.

18 Miér. ss. Román, Máximo, Odón e Pedro.

19 Juev. ss. Isabel, Ponciano e Crispín.

20 Vier. ss. Félix de Valois, Simplicio e Agapito — *dia de José Antonio*.

21 Sáb. ss. Estebo, Honorio e Rufo,

22 Dom. Bto. Xchan de Pontevedra, (G), ss. Columbiaro e Mario.

Cheia en Tauro as oito e media da noite
Melloria. Dias amorosiños e noites fresqueiras abondo. Nortada le go

23 Lun. ss. Clemente, Felicitas e Lucrecia.

Sol en Sagitario as dez e media da noite

24 Mar. ss. Gonzalo bispo de Mondoñedo (G), Juan de la Cruz, Crisógeno e Flora.

25 Miér. ss. Catalina, Moisés e Gonzalo.


26 Juev. Os Santos Mártires de Córdoba.

27 Vier. ss. Virxilio, Fáculo e Primitivo.

28 Sáb. ss. Gregorio III, Estebo e Valeriano.—Péchanse as velacións.

29 Dom. 1 de Advento.—ss. Iluminada e Saturnino.—I. P.

30 Lun. ss. Andrés, Constancia e Xustina.



V A G U E D A S

Cand'era tempo d'inverno
pensaba en donde estarías,
cando era tempo de sol
pensaba en donde andarías,
agora... tan soyó penso,
meu ben, si m'olvidarías.

Rosalía de Castro

Refráns do San Martiño

San Martiño sempre quer o seu graíño.

Por San Martiño e San Xudas piñeiriñas das túas uvas.

San Martiño, mata o porco e proba o viño.

Bendito mes, que entra con Santos, media con San Uxio e romata con San Andrés.

Horta de San Martiño mantén o dono e mais o veciño.

Por San Martiño, nin fabas nin viño.

DECEMBRO 31 DIAS

M E S D E N A D A L

1 Mar. ss. Eloy, Natalia e Cândida.

ℳ Mingoarte en Virgo a unha e media da noite
Tempo de invernía con ventos e chuvias dabondo.
Moita neve nos outos

2 Miér. ss. Bibiana, Elisa e Aureliana.

3 Juev. ss. Francisco Xavier e Claudio.

4 Vier. ss. Osmundo, Cleto e Bárbara.

5 Sáb. ss. Sabas, Agripina e Dalmacio.

6 Dom. II de Advento.—ss. Fernando abade de Antealtas (G), Nicolás de Bari i Emiliano.—I. P.

7 Lun. ss. Ambrosio, Policarpo e Urbán.

8 Mar. † A Purísima Concepción de Nosa Señora.—Santos Macario i-Esther.

ℳ Nova en Sagitario perto das dúas da noite
A nova que trai Nosa Señora ven con melloria, mais non moita, pois os ventos do mar poden co N. que quíxo retornar. Mañáns de brétema

9 Miér. ss. Restituto, Cipriano e Locaia.

10 Juev. S. Florencio abade (G), Nosa Sra. de Loreto
ss. Eulalia i-Hermóxenes.

11 Vier. ss. Dámaso Papa (G), Sabino e Daniel.

12 Sáb. Nosa Sra. de Guadalupe e San Constancio.

13 Dom. III de Advento. ss. Uxío, Orestes e Lucía. I. P.

14 Lun. ss. Nicasio, Xusto, Pompeyo i-Espiridión.

ℳ Creciente en Piscis as seis menos cuarto da noite
Tempia pouco segura. Mar revolta. Auga e sardiña amodiño.

15 Mar. ss. Eusebio, Valeriano, Máximo e Fortunato.

16 Miér. ss. Valentín e Delaíra.—Téporas.—I. P.

17 Juev. ss Francisco de Sena, Lázaro e Olimpia.

18 Vier. Nosa Señora da O., antigua Patrona de Pontevedra.—Téporas.—Abstinencia de carne.—I. P.

19 Sáb. ss. Nemesio e Timoteo.—Téporas.—Aúno con abstinencia.—I. P.

- 20 Dom. IV de Advento.—ss. Teófilo, Xulio e Domingo de Silos.—I. P.
 21 Lun. ss. Ilduara nai de S. Rosendo e Adosinda abadesa (G), Tomás e Anastasio.
 22 Mar. ss. Demetrio, Zenón i-Elena.

*Sol en Capricornio as 11 e 40 da mañán
INVERNO*

-  *Cheia en Géminis as tres da tarde*
 Noites craras. Mañáns xe xiada. Moita friaxe. Despois deixarán de domiñar as ventanías do N. p'a vir chuvias e nubrados.
 23 Miér. ss. Victoria, Nicolás, Sérvulo e Vintila eremita.
 24 Juev. *Noiteboa*.—ss. Gregorio, Eutimio e Luciano.
 25 Vier. † A Natividade de Noso Señor Xesucristo.—I. P.
 26 Sáb. ss. Estebo e Marino.—*Abrense as velacions*. I. P.
 27 Dom. ss. Xohan Apóstol, Nicereta e Teodoro.—I. P.
 28 Lun. Os Santos Inocentes —I. P.
 29 Mar. Bto Vidal abade (G), ss. David e Tomás Cantuariense.
 30 Miér. A Traslación de Sant-Iago e S. Sabino.

-  *Mingoante en Libra as 6 e 37 da noite*
 O anciño que entrou con sol quer e espelir chigrando. Moitas brétemas. Ceo escuro. Turboadas.
 31 Juev. ss. Franquila abade de Rivas do Sil (G), Silvestre, Columbio e Pauliña.



Canto de Nadal

(Cantado na Catedral de Mondoñedo en 1818)

Vamos a Belén, amigos,
 vamos que a noite está crara;
 Mingos leve as castañolas,
 o seu pandeiro Pascuala.

Cantemos ao Rey dos Ceos
 novas e alegres tonadas,
 ao son da gaita galega
 con muiñeiras e alboradas.

Ay, que Neno tan bunito,
que cariña tan galana,
nunca Neno tan hermoso
viron as nosas montañas.

A Nai que pareu tal fillo
por sempre sexa alabada.
¡Que cousiña tan garrida!
¡Ave María de Gracia!

Miña xoya, deitadiño
nun pesebre, sobre pallas,
está pobriño e desnudo;
un boy, meu amor, o abafa.

Eu dareille pra cubrirse
a pel da cordeira branca.
¡Quen viste o campo de frores
desnudo sofre as escarchas!

Conto vello

Foi dunha ves un peisano ond'un xastre e le-vóulle unha vara de pano pra que lle fixera unha monteira, e preguntóulle si chegaria o pano.

—Chega, señor, chega — respondeu o xastre — chega e inda sobra.

—Pois logo, se sobra moito, ¿él non podería quitar pra lle facer outra ao meu fillo pequeno?

—¡Podo, señor, podo, anque sean duas!

—Pois, se chega pra duas amais da miña, pó-demas facer... ¡Lástima non sairan catro!

—¡Non, se vósté quer sair ainda saen!

—¡Daquela, si cadra, tamén daba pra cinco!

—E mais daba; e pra sete tamén.

—Pois logo, fágame as sete.

Deixoulle o pano e foise. Cando foi buscálas, o xastre amostróulle cinco monteiriñas pequerrecas

postas cada unha no seu dedo dunha man e outras duas noutros dous da outra.

O peisano comenzou a layarse e tirar dos pelos.

—Ay, condánido de xastre, ¿ti que fixeches do pano da miña monteira?

I-o xastre díxolle:

—¿Vosté non dixo si o pano daría pra cinco monteiras? Eu díxenlle que pra sete tamén, e veleiquí as ten... Vosté non me dixo como híban ser.



«Soio túa....»

«Soio túa» decíasme unha tarde en que amargores rebousaba o peito; e como si eu dudase d' aquel dito fixéchesmo crér c' un xuramento.

«Soio túa» outro día marmurabas poñendo en min os churrusqueiros ollos, mais volvia a dudar e tí volvías a facerme un xuramento novo.

«Soio túa» outra vez asegurache, e logo por meu mal non tiven duda... que a outro rapaz unha mañán cediño o mesmo lle decías diante o Cura.

Desque pasou aquelo teño en mentes un problema pranteado d' esta sorte: ¿na difícil andrómena de amores engánanse as mulleres ou os homes?

R. Pesqueira Crespo

Láncara. — O 24; 16 Cedrón; 2 e 17 Puebla; 11 Rio (Es-farrapa).

Lorenzana. — O 9, 19 e 28 e mercados os domingos.

Lugo. — O 4, 5 e 6 d^a Outono (anual), primeiro e penúltimo viernes, o 12 e mercados os martes, viernes e domingos; penúltimo dia de cada mes Nadela.

Meira. — O segundo e coarto domingo.

Mondoñedo. — O 17, 18 e 19 do Outono (anual); primeiro e terceiro xoves de cada mes, e mercado os xoves; e domingos. Quendas o 2 de Mayo (anual).

Monterroso. — O 1.^º y o 15 e mercados os miércoles.

Monforte. — O 6 e 24, mercado os miércoles; 5 Fiolleda.

Muras. — O primeiro sábado; primeiro e segundo domingo Viveiró; terceiro domingo Balsa.

Neira de Jusá. — 1.^º e 18 Baralla; 7 Sobrado.

Navia de Suarna. — Segundo domingo e derradeiro viernes, 23 de Febreiro e 29 de Setembro (anuales) Puebla; terceiro domingo Silvouta; cuarto domingo Paradela; primeiro domingo Rao

Negreira de Muñiz. — O segundo domingo.

Os Nogales. — O segundo domingo Doncos.

Orol. — O primeiro domingo Miñotos.

Palas de Rey. — O 7 y o 19 e mercado os sábados.

Pgntón — O 1.^º e 15 Ferreira; 18 Santa Mariña.

Páramo. — O 10.

Pastoriza. — Cada quince días en domingo alterno Bretona; o segundo e cuarto sábado Reigosa.

Piedrafita. — O 5 e 21 y o 8 de Setembro (anual).

Pol. — O 1.^º e 15 Riojuan; 7 e 21 Mosteiro.

Puebla do Brollón. — 11 e 25; 29 Xunio (anual); 2 Estación.

Portomarín. — Mercado os domingos.

Quiroga. — O 10 e 27.

Rábade. — O 2 e o 22 e mercado os xueves.

Ribadeo. — Todos os miércoles e o 7 de Setembro

Riotorto. — Mercado os sábados; 14 e 26 de cada dous meses Moxueira.

Ribas do Sil. — O 16.

Samos. — O 15; 17 Ponte do Lázara; 4 Castroncán.

Sarria. — O 6 e o 20, San Lázaro (anual) e mercados os domingos.

Sarria.—O 8 Escairón; 26 Currelos.
Sober.—O 18 e 28.

Taboada.—O 20 e mercados os sábados.

Trabada.—O primeiro domingo; 25 de Abril Cadeira
(anual); 30 de Mayo San Fernando (anual).

Trasparga.—O 28 e o domingo entre o 9 e o 15 Parga
23 Santa Cruz de Parga; 7 Villares; o último domingo
Guitiriz e mercado os miércoles.

Triacastela.—O 12 e 28.

Valle d' Ouro.—O miércoles siguiente ao terceiro do
mingo e mercado os sábados.

Villameá.—Cada quince días e mercado os domingos.
Villaodrid.—O 25 Villaeimil.

Viveiro.—O primeiro e terceiro domingo e mercado os
xueves, sábados e domingos; o segundo domingo Galdo;
lunes de Pascua, Cobas (anual).

Villalba.—O primeiro domingo e martes siguientes a o
terceiro e mercados os martes e sábados; último domin-
go Arbol e mercados os viernes.

Feiras anuales de Galicia

Xaneiro: 7, Portes; 8, Navallos.—*Febreiro:* 3, Por-
tomarin.—*Marzo:* Domingo de Lázaro, Sarria.—
Abril: 6, Noya; lunes de Cuasimodo, Tuy; lunes de
Pascua, Cobas en Viveiro.—*Mayo:* Día da Ascen-
sión, Santiago; 30, Balboa, Ribadeo.—*Xunio:* Pas-
cua de Pentecostés, Padrón; 1, Ourense; 29, Somie-
do, e Brollón en Quiroga.—*Xulio:* 2, Coruña; 25,
Santiago.-*Agosto:* Dia da Peregrina, Pontevedra.—
24, San Bartolomé en Penas Agudas, Viveiro.—
Septiembre: 8, Fonsagrada, 3 días; terceiro domingo
Becerréa; 8, Pedrafita d' o Cebreiro.—*Octubre:* 5.
Lugo 3 días; 14, Villalba; 18, Mondoñedo, 3 días.
20, Lindin; terceiro domingo, Becerréa.—*Noviem-
bre,* 1, Monterroso e Pontevedra.—*Diciembre:* Día
da Purísima, Alvare, de onde é patrona, feira 12
días e mercado os xoves.



ARTES GRAFICAS

Xerardo Castro

A MELLOR IMPRENTA DA PRO-
VINCIA DE LUGO. ENCUADER-
NACIÓS. PAPELES E CARTÓS

San Pedro, 29

Teléfono 322

LUGO